

Sra. Concelleira de Cultura do Concello de Lugo.
Autoridades das institucións culturais sociais e políticas.

Querida María Pilar García Negro,

Neste lugar onde a cidade se fai praza, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, con todos e todas vós, vimos chantar a Pedra da Escritora. Esta pedra fita, esta pegada de afecto a ela e á cidade coas súas murallas, que perderon hai moito tempo a súa condición de espazo murado separador para se integraren nunha outra forma de relación coa veciñanza, e toma hoxe a forma dos brazos cando se tenden para nos abrazar, para nos anainar, se tivermos a fortuna de nacer neste Lugo milenario.

É a cidade de Lugo que vai abrindo os seu tecidos corporais en prazas urbanas e rúas e parques coma clareiros na fraga que foi, que segue a ser, e a quen o río arrola mentres con esta pedra e este magnolio, a árbore da escritora, imos tecendo as paisaxes da súa memoria.

Plantamos a árbore para que sexa eterna na branca flor, e chantamos esta Pedra da Escritora no lugar que foi habitado pola infancia de María Pilar, pola infancia daquela nena que xogaba perto da escola, non lonxe da casa familiar. Son os seus territorios da cidade íntima, territorios de xogos que seguen a ser tamén para os nenos e nenas de hoxe, que se han recoñecer nas palabras insculpidas de María Pilar neste tempo e nesta luz que lembra aquela infancia, na que o tempo se demoraba con clara voz, e era eterno o tempo e todo nacía doutra luz, que é sempre a mesma luz.

Non moi lonxe o río, que, gardador dos sonhos de Lugo, abraza aquí na súa sempre mocidade de río os homes e mulleres e nenos, e se despide e prosegue o seu lento camiñar para tecer o pano da Galiza en diagonal verde esmeralda.

Estamos no mesmo lugar onde ela deixou pegadas imborrábeis da tenra idade, e nós vimos deixar hoxe, na súa palabra, as pegadas do noso idioma nesta pedra para que sexan eternas e sexan espello da memoria nosa.

A arqueoloxía mostrounos que Lugo é das cidades que se deitan sobre as cinzas dos sonhos dos que nos precederon e se fixeron humus, das que teceron nela o seu diario íntimo ao tempo que os días trazaban os seus sucos e madurecían como froito. Así as palabras insculpidas na pedra da nosa escritora neste lugar onde resoan e se farán unha coas voces de antano e serán rumor do pensamento dos homes e mulleres que habitaron e habitan de albor a solpor a biografía desta cidade. Eles que tamén

escribiron e lembraron o que outros escribiron porque lembraron a outros, viaxeiros tamén dese longo camiño entre aqueles falares de onte e o idioma de hoxe. Ese proceso sempre inacabado que ten a súa raíz na nosa milenaria herdanza, que enchoupa os territorios do noso máxím misterioso e máxico soñar, e que habita a nosa tradición literaria, a que vén ao noso presente.

A pedra que tallou o canteiro Xavier Quijada e que hoxe chantamos é un novo lugar neste mapa de amor a esta terra e á súa escritora, que as escritoras e escritores en lingua galega facemos.

Neste cálido lugar para o sosego, onde cada luz tecerá unha nova estación, no magnolio coa súa acharoadada cor, cun verde que por xuño dará a flor de branco marfil de grandes ás coma bolboretas tropicais, que acollerá o canto da rula e terá cantos de amor e de amigo, dará sombra e sosego á nena e á avoa que coas súas maos sostén a luz máis antiga nos seus máis altos ritmos de río, a que garda e transmite os soños e as lendas que falan desa construción que vén sendo a nosa memoria colectiva.

Son os lugares aos que secretamente regresamos, ao nos dar respostas tanto a preguntas colectivas como ás intimamente persoais. Fannos acenos para guiar a dirección da nosa andaina e a súa escrita por vir.

Afortunados os que temos unha Terra, unha cidade como ten María Pilar á que regresar. Estes son os lugares cos que medir o tempo, entre o onte soñador e este presente que queremos se faga realidade dun hoxe soñado, por María Pilar García Negro.

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Praza de Ferrol
10 de xuño de 2017